

NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 26 de outubro

2016

CSI-F
Estamos **X**ti



Orgulhoso
de ser docente



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 26 de outubro de 2016

ÍNDICE:

1. BOLSA DE PROFESORES ESPECIALISTAS PARA O CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE MANTEMENTO AEROMECÁNICO

2. PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

3. PROGRAMA LANZADEIRAS

4. RESOLUCIÓN PROVISIONAL DOS CENTROS DOCENTES PRIVADOS SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA "ENGLISH WEEK"

5. LISTAXE DE PERSOAS CON PRAZA ADXUDICADA DE FP DUAL

6. NOVA ACTUALIZACIÓN DO REPOSITORIO DE CONTIDOS EDUCATIVOS DO ESPAZOABALAR

7. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO CORRESPONDENTES AO CURSO 2015/2016

8. HABILITACIÓNS PROFESIONAIS E CARNÉS PROFESIONAIS

9. CONCURSO EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

10. III CERTAME LITERARIO "RELATOS DE AUGA INTELIXENTE"

11. FORMACIÓN

NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 26 de outubro de 2016

1. BOLSA DE PROFESORES ESPECIALISTAS PARA O CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE MANTEMENTO AEROMECÁNICO



CONVOCATORIA DUNHA BOLSA DE PROFESORES ESPECIALISTAS PARA O CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR DE MANTEMENTO AEROMECÁNICO A IMPARTIR NO CIFP AS MERCEDES DE LUGO


Xúntase a Resolución do 18 de outubro de 2016 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca bolsa de profesores especialistas para o ciclo formativo de grao superior de Mantemento Aeromecánico a impartir no CIFP As Mercedes de Lugo.

Próxima publicación no DOG

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación que a estas se achegue **será de dez días naturais**, contados a partir do día seguinte ao de publicación desta Resolución no Diario Oficial de Galicia.

[Para máis información preme aquí:](#)

2. PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES

ORDE do 13 de outubro de 2016 pola que se resolve a convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros non universitarios sostidos con fondos públicos para o curso 2016/17.

Mediante a Orde do 23 de maio de 2016 (DOG do 8 de xuño), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocou o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros non universitarios sostidos con fondos públicos para o curso 2016/17. Mediante a Orde do 11 de agosto de 2016 (DOG do 8

de setembro) ampliouse o orzamento previsto inicialmente para a devandita convocatoria, na epígrafe de centros públicos, polo que a contía global dispoñible para este programa para o curso 2016/17 é de 1.203.500 €.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 26 de outubro de 2016

3. O PROGRAMA LANZADEIRAS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CONVOCATORIA PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA LANZADEIRAS



O programa Lanzadeiras desenvólvese dentro do plan Emprendemento no Sistema Educativo de Galicia, eduemprende que supón unha aposta clara e firme pola implantación na comunidade educativa dos niveis non universitarios da cultura emprendedora. O plan eduemprende constitúese como o marco onde coordinar as sinerxías en materia emprendedora que actúen sobre o sistema educativo, ordenando e planificando a súa aplicación. O obxectivo global deste plan é lograr un avance sensible na cultura do emprendemento no noso alumnado e propor instrumentos que permitan coñecer os logros alcanzados.

Ten coma finalidade promover a innovación e o emprendemento en todas as etapas do sistema educativo co obxectivo de potenciar as competencias profesionais, sociais e persoais do alumnado.

- [Programa Lanzadeiras Lugo](#)
- [Programa Lanzadeiras Coruña](#)
- [Plan eduemprende](#)

[Para máis información preme aquí:](#)

4. RESOLUCIÓN PROVISIONAL DOS CENTROS DOCENTES PRIVADOS SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA "ENGLISH WEEK"



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN PROVISIONAL DOS CENTROS DOCENTES PRIVADOS SELECCIONADOS PARA PARTICIPAR NAS ACTIVIDADES DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA "ENGLISH WEEK" CORRESPONDENTES AOS CURSOS SEXTO DE PRIMARIA E PRIMEIRO, SEGUNDO, TERCEIRO E CUARTO DA ESO

Xúntase a Resolución provisional pola que se fai pública a relación de centros docentes privados sostidos con fondos públicos seleccionados para participar nas actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa "English Week" no curso 2016/2017 correspondentes aos cursos sexto de Educación Primaria e primeiro, segundo, terceiro e cuarto de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO).

O prazo de reclamación é de cinco días naturais a partir do día seguinte desta publicación: ata o 30 de outubro (incluído).

NOTA: Para unha maior axilidade na xestión, poden adiantar as posibles alegacións e/ou renuncias por correo electrónico ao enderezo: xsoie@edu.xunta.es ou por fax ao número 981546550, o que non exclúe facelo segundo o procedemento administrativo establecido.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 26 de outubro de 2016

5. LISTAXE DE PERSOAS CON PRAZA ADXUDICADA DE FP DUAL



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

LISTAXE DE PERSOAS CON PRAZA ADXUDICADA DE FP DUAL. PERÍODO EXTRAORDINARIO OUTUBRO 2016

Publicada a listaxe de persoas con praza adxudicada na convocatoria extraordinaria de outubro 2016 para proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos en centros educativos.

[Para máis información preme aquí:](#)

6. NOVA ACTUALIZACIÓN DO REPOSITORIO DE CONTIDOS EDUCATIVOS DO ESPAZOABALAR

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

NOVA ACTUALIZACIÓN DO REPOSITORIO DE CONTIDOS EDUCATIVOS DO ESPAZOABALAR



O repositorio do espazoAbalar ampliou novamente a súa oferta, nesta ocasión con 20 novos contidos educativos en formato dixital.

Coa nova actualización do repositorio alcánzanse os 2.881 recursos, dispoñibles en varios idiomas, para os seguintes niveis educativos: educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato e ciclos formativos.

[Para máis información preme aquí:](#)

7. PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO CORRESPONDENTES AO CURSO 2015/2016

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA DOS PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE BACHARELATO



Cualificación definitiva dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2015/2016

[Para máis información preme aquí:](#)

NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 26 de outubro de 2016

8. HABILITACIÓNS PROFESIONAIS E CARNÉS PROFESIONAIS



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

HABILITACIÓNS PROFESIONAIS E CARNÉS PROFESIONAIS.

Habilitacións profesionais e carnés profesionais. Listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas da convocatoria extraordinaria 2016

Publicada a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas na convocatoria extraordinaria 2016 de habilitacións profesionais e carnés profesionais.

[Para máis información preme aquí:](#)

9. CONCURSO EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CONCURSO PARA ELABORAR A EXPOSICIÓN SOBRE O AUTOR HOMENAXEADO O DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2017

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca un concurso para elaborar unha exposición sobre a obra, época e lingua do autor homenaxeado en 2017, Carlos Casares Mourino, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que este viviu.

Concederanse dous premios, un para cada unha das dúas categorías de participación.

O centro que elabore a exposición gañadora de cada categoría recibirá un premio en metálico por un importe de 2.000 €.

Como novidade, o profesorado que participe de forma activa na elaboración das exposicións gañadoras recibirá unha certificación de premio de innovación educativa, cunha equivalencia de 20 horas de formación permanente do profesorado (30 para o coordinador ou coordinadora).

O prazo de presentación dos traballos remata o día 22 de xaneiro de 2017.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 26 de outubro de 2016

10. III CERTAME LITERARIO "RELATOS DE AUGA INTELIXENTE"



Relatos de agua inteligente

Entre todos podemos hacer ciudades inteligentes.

III CERTAME LITERARIO "RELATOS DE AUGA INTELIXENTE"

VIAQUA convoca o III Certame Literario "Relatos de auga intelixente" dirixido a alumnos e alumnas de entre 12 e 17 anos de centros educativos de Galicia

Participantes:

Poderán presentarse persoas de calquera nacionalidade, con lugar de residencia en España entre as idades de 12 e 17 anos, cuxos centros educativos ou de Formación Profesional estean situados en calquera dos municipios nos que a empresa presta o seu servizo de subministración de auga.

Estableceranse dúas categorías: unha para alumnos da ESO. e outro para Bacharelato/FP.

Cada autor/para poderá presentar un máximo dun microrrelato inédito escrito en lingua castelá ou en galego.

Requisitos que deben reunir os microrrelatos:

A extensión do microrrelato non poderá ser superior a 200 palabras con espazos.

Deberá estar escrito en computador, para o seu envío por correo electrónico.

A temática ha de estar referida á importancia da auga na sociedade e na vida, o uso responsable e o coidado do medioambiente, así como á percepción que os participantes teñen do concepto cidade intelixente e auga intelixente, atendendo ao título do certame.

Valorarase ou se terá en conta a utilización de polo menos catro das seguintes palabras/expresións: auga, medioambiente, nivel do mar, contaminación, consumo, compromiso, cidade intelixente, auga intelixente.

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 26 de outubro de 2016

Valorarase ou terá en conta a presenza no microrrelato dalgún aceno de identidade da cidade participante, así como o coidado da gramática e a ortografía.

O prazo estará aberto ata o 31 de decembro de 2016

[Para máis información preme aquí:](#)

11. FORMACIÓN

CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓN



CURSOS HOMOLOGADOS UNIVERSIDADE

CSI-F ofrécete unha nova oferta en cursos homologados on-line, dirixidos a opositores, funcionarios e interinos docentes, cos que podes completar a túa formación docente.

Cursos HOMOLOGADOS cunha duración de 101 horas e de 31 horas.

CURSOS DIRIXIDOS A TODOS OS NIVEIS

Completamente on-line. 24 horas, 7 días á semana.

Materiais actualizados.

Avaliación aplicada á práctica docente.

Relación directa cos titores.

Duración dos cursos adaptada á normativa das distintas Comunidades Autónomas.

EDUCATIVOS.



Certificación en 30 días.

VÁLIDOS E PUNTUABLES como mérito en listas de interinos, bolsas de traballo e oposicións das distintas Comunidades Autónomas (segundo convocatoria de cada CC.AA., baseado en apartado III Outros Méritos do Anexo I do R.D. 276/2007).

CONVOCATORIAS MENSUAIS

Accede a toda a **[INFORMACIÓN](#)** sobre as convocatorias

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



DEFENDENDO O PÚBLICO

CSI•F Unión Provincial A Coruña
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.
15008 A Coruña
Tel. 981 134 113
Fax: 981 060 324
ense15@csi-f.es

CSI•F Unión Autónoma Galicia
Rúa do Valiño, 65 - baixo
15707 Santiago de Compostela
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140
ense77@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Lugo
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior
27003 Lugo
Tel. 982 250 169 982 254 859
Fax: 982 245 521
ense27@csi-f.es

A CORUÑA

LUGO

SANTIAGO

PONTEVEDRA

OURENSE

CSI•F Unión Provincial Pontevedra
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan
36001 Pontevedra
Tel. 986 896 900
Fax: 986 896 901
ensino36@csi-f.es

CSI•F Unión Provincial Ourense
Rúa Progreso, 145 - Entre chan
32003 Ourense
Tel. 988 241 111
Fax: 988 213 538
ense32@csi-f.es

NOVAS DE ENSINO

ENLACES DE INTERESE:

[CSIF Nacional Enseñanza](#)

[CSIF Galicia Ensino](#)

[Blog Ensino Pontevedra](#)

[Herald Toupeiras](#)

